



NORMATIVA Nº 1

CAMPIONATOS GALEGOS



NORMATIVA Nº 1

CAMPIONATOS GALEGOS

ÍNDICE:	Páxina
ÍNDICE	2
1.- DEFINICIÓN E ORGANIZACIÓN	3
2.- PARTICIPACIÓN	4
3.- CALENDARIO E FORMATO DO CAMPIONATO	4
4.- INSCRICIÓN	7
5.- UNIFORMIDADE	8
6.- MEDALLAS E TROFEOS	8
7.- DESPRAZAMENTO E HOSPEDAXE	9
8.- VARIOS	9
9.- Guión cronolóxico: APROBACIÓN E MODIFICACIÓN	10

1.- DEFINICIÓN E ORGANIZACIÓN

- 1.1. Consideraranse Campionatos de Galicia todos aqueles recoñecidos como tales pola Federación Galega de Tiro con Arco (en diante FGTA) e que, ademais, figuren no calendario oficial da mesma.
- 1.2. Todos os Campionatos de Galicia estarán organizados pola FGTA, a cal poderá solicitar a colaboración dos clubs ou calquera outro organismo ou entidade.
- 1.3. Para o desenvolvemento e celebración de cada un dos Campionatos
 - 1º - Aire Libre Arco Recurvo, Arco Composto, 50+ Home/Muller, Home/Muller, U21 Home/Muller e U18 Home/Muller;
 - 2º - Aire Libre Arco Recurvo, Arco Composto Infantil, Alevín, Benxamín e Esquíu (Prebenxamín);
 - 3º - Aire Libre Arco Tradicional, LongBow, Arco Espido, 50+ Home/Muller, Home/Muller, U18 Home/Muller e Menores de 14 anos;
 - 4º - Sala Arco Recurvo, Arco Composto, 50+ Home/Muller, Home/Muller, U21 Home/Muller e U18 Home/Muller;
 - 5º - Sala Arco Recurvo, Arco Composto Infantil, Alevín, Benxamín e Esquíu (Prebenxamín);
 - 6º - Sala Arco Tradicional, LongBow, Arco Espido, 50+ Home/Muller, Home/Muller, U18 Home/Muller e Menores de 14 anos;
 - 7º - Campionato Galego de 3D,
 - 8º - Campionato Galego de Tiro de Campo,

atenderase ao establecido nesta Normativa, ás circulares de cada Campionato e ao que establezan os Regulamentos e Normativas da WA e da RFETA.

- 1.4. Para que a un Club, Delegación, ou entidade, se lle conceda o desenvolvemento dun Campionato Galego, deberá presentar a súa candidatura á Asemblea Xeral, por escrito e cunha breve memoria descritiva das instalacións a utilizar e demais cuestións organizativas. A designación da sede farase mediante votación dos asistentes á Asemblea, por maioría simple. A estes efectos, a Federación Galega de Tiro con Arco (FGTA) disporá dun protocolo de condicións mínimas a cumprir que firmarán ambas entidades (Ver Modelo de Protocolo).
- 1.5. No caso de non haber candidaturas, a FGTA poderá contactar con algún Club ou entidade para a súa celebración, ou ben asumila directamente.
- 1.6. A entidade colaboradora comprometerase a cumprir co establecido nesta Normativa, na circular de convocatoria correspondente e no protocolo de condicións mínimas. No caso de non cumprir co establecido reterase a eventual subvención da FGTA. A subvención aboarase antes ou despois da celebración do Campionato, segundo estableza a FGTA e o club organizador. A documentación da competición (actas e resultados) deberá estar en poder da FGTA.
- 1.7. A FGTA designará o Comité Técnico do Campionato Galego, podendo a entidade colaboradora propoñer os Xuíces e o Director de Tiro. Os gastos de desprazamento e manutención de dito Comité Técnico correrán a conta da FGTA.
- 1.8. A FGTA nomeará un Comité de Apelación para cada Campionato Galego, con competencias segundo as normativas da WA e da RFETA.

2.- PARTICIPACIÓN

- 2.1. Poderán participar no Campionato Galego os/as arqueiros/as con licenza tramitada a través da Federación Galega de Tiro con Arco. No caso de quedar postos de tiro vacantes, poderán ocuparse con arqueiros/as con licenza da RFETA ou de calquera outra Federación recoñecida pola WA. Para poder optar ao título de Campión/a Galego/a de Tiro con Arco, deberán ter a condición de galego/a segundo establece a Lei do deporte.
- 2.2. Os arqueiros/as con licenza tramitada a través da FGTA poderán inscribirse nos Campionatos de Galicia da clase á que pertencen, así como en calquera campionato de clase superior, excepto na de 50+ Home/Muller. Os arqueiros/as 50+ Home/Muller poderán participar como Home/Muller en campionatos nos que estea convocada a dita clase.
- 2.3. O número de arqueiros/as estará limitado pola capacidade das instalacións. O número de parapetos deberá ser, como mínimo, de vinte (20). O Club, ou entidade colaboradora comunicará o número exacto antes da emisión da circular correspondente.
- 2.4. O número mínimo de inscritos para que nunha categoría se poidan proclamar Campións/as Galegos/as será de tres(3). Os menores de 14 anos, dependentes exclusivamente da FGTA, competirán en categoríamixta (Campionato Galego Unificado) agás no caso de ter 3 ou máis participantes de cada xénero, que tirarán homes e mulleres por separado, tendo opcións todos e todas a un título oficial da FGTA, e por ende un recoñecemento ao seu esforzo.

ACLARACIÓN:

Ao cerce das inscricións, de "pre benxamines ou esquío", "benxamines", "alevins" e "infantis", onde os "grupos" de rapaces o rapazas:

- *Independentemente do xénero, se un dos dous "grupos" ten menos de 3 compoñentes, farase un so grupo, denominarse "mixto unificado". Sempre e cando teña un mínimo de 3 participantes, terán pódium, pero non recoñecemento de clasificación do seu xénero. A súa puntuación si será considerada para o que proceda cas normativas e posible récord.*
- *Unha vez pechada ad inscricións e emitidos los listados dos inscritos:*
 - *Se produce unha baixa antes do comenzo da competición nun dos grupos con 3 deportistas. Quedan sen facer eliminatorias e polo tanto pódium.*
 - *Se produce unha baixa antes de comenzo da competición nun grupo que teña 1/4 o mais, mantense o programa das eliminatorias con pases directos por dita circunstancia, axustándose á normativa.*

Na medida do posible, se o programa i@nseo o permite, conservaranse os deportistas non presentados, cunha puntuación de "0".

- 2.5. Os Campións/as, Segundos/as e Terceiros/as Clasificados/as de cada categoría serán proclamados ao finalizar cada Campionato Galego. As distintas clasificacións dos Campionatos Galegos realizaranse baixo as normas da WA e da RFETA en vigor.

3.- CALENDARIO E FORMATO DO CAMPIONATO

- 3.1. O calendario e formato do Campionato Galego determinarase na Asemblea Xeral, e detallaranse na circular da convocatoria.
- 3.2. As modalidades de sala e aire libre desenvolveranse según o establecido nas normativas WA e RFETA en vigor.
- 3.3. Celebraranse series eliminatorias e finais en todas as categorías.

3.4. Nas modalidades de sala e aire libre as eliminatorias lebaranse a cabo polo sistema que se indica nas normativas WA, poñendo o corte de deportistas como segue:

- Categorías alevín, benxamín e esquíu: mínimo as finais. Se houbera 4 participantes semifinais e finais.
- Resto de categorías:
 - 3 inscritos: semifinais e finais (*1º con pase directo*).
 - Entre 4 e 7 inscritos: semifinais e finais.
 - Entre 8 e 15 inscritos: comezarán dende cuartos.
 - Entre 16 e 31 inscritos: comezarán dende oitavos.
 - 32 ou máis inscritos: comezarán dende dazaseisavos.

De tal forma que ningún/a arqueiro/a acceda con pase directo, excepto nos casos seguintes:

- De que un/ha arqueiro/a se retire ou falte para as semifinais.
- Ou sea “pool shoot-up”.

3.5. A modalidades de Tiro de Campo desenvolveranse según as normativas WA e RFETA en vigor, agas as eliminatorias explicadas no punto 3.7. da presente normativa.

3.6. A modalidade de 3D celebrarase cún so percorrido de 24 figuras e eliminatorias como se describen no punto 3.7. da presente normativa.

3.7. Nas modalidades de Tiro de Campo e 3D realizaranse as eliminatorias polo sistema de pools como se indica nas normativas WA e RFETA coas salvedades:


- O corte farase en 14 deportistas, establecendo 4 pools de 3 persoas.

4.5.3.3.4 *El ganador del Grupo A competirá contra el ganador del Grupo B y el ganador del Grupo C contra el ganador del Grupo D para acceder a las semifinales.*


Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D
3	5	4	6
10	8	9	7
11	13	12	14

Como exemplo veamos el Grupo A, el primer enfrentamiento será entre los atletas clasificados en los puestos 11 y 10, el vencedor del enfrentamiento (recorrido de seis dianas a distancias conocidas “Tiro de Campo” y descocidas “3D”, se enfrentará contra el atleta clasificado en el puesto 3 y así sucesivamente.

Cuadro enfrentamientos tipo



Cuadro enfrentamientos tipo



A determinar por Organización y Jueces

Estimación orientativa de reparto no obligatorio en dicho orden a tener en cuenta por la organización, el Juez Nacional de Seguridad y Jueces de la competición.

	1 a 6	7 a 12	13 a 18	19 a 24 u otros diferentes
ELIMINATORIAS - SEMIFINALES Y FINALES "TIRO DE CAMPO" Distancias conocidas	Al mejor del total de 6 tiradas de 3 flechas, una por polígono			Al mejor del total de 4 tiradas de 3 flechas, una por polígono. 5º parapeto para desempate
ELIMINATORIAS - SEMIFINALES Y FINALES "3D"	Al mejor del total de 6 tiradas de 2 flechas, una por polígono			Al mejor del total de 4 tiradas de 1 flecha, una por polígono. 4º parapeto para desempate

- 3.8. Nas categorías menores de 14, que compitan de forma mixta tirarán series clasificatorias e series eliminatorias seguindo o indicado no punto 3.3. desta normativa.
- 3.9. Na convocatoria especificarase o número de frechas que se tirarán por quenda, no caso de que o regulamento permita distintas opcións.

4.- INSCRICIÓNS

- 4.1. As solicitudes de inscrición aos campionatos realizaranse mediante a plataforma electrónica para tal fin o similar asignada pola FGTA para a realización das inscricións e que se indicará na circular de convocatoria do campionato.
- 4.2. A inscrición realizarase cubrindo todos os datos do formulario existente na plataforma de inscrición .
- 4.3. O prazo de inscrición anunciarase oportunamente na circular do campionato correspondente, finalizando dez (10) días antes da data do Campionato Galego.
- 4.4. No caso de que o número de inscricións supere a capacidade das instalacións da competición (línea de tiro en Sala e Aire Libre, 96 deportistas en Tiro de Campo ou 3D si so hay un percorrido), as prazas asignaranse por esta orde:
- 1º. Campións/as Galegos/as da edición anterior.
 - 2º. Arqueiros/as incorporados á disciplina da RFETA.
 - 3º. Os xuíces que actuasen como tales en a lo menos dúas competicións das validadas para elaborar o ranking.
 - 4º. Catro (4) prazas para cada una das categorías 50+ Home/Muller, Home/Muller, U21 Home/Muller e U18 Home/Muller (as catro primeira do ranking, una vez asignadas as dos apartados 1, 2 e 3).
 - 5º. Catro (4) prazas para cada una das categorías Infantil, Alevín, Benxamín e Esquíu (as catro primeiras do ranking, una vez asignadas as dos apartados 1, 2 e 3).
 - 6º. Ranking individual para os demais inscritos, segundo a Normativa 9, hasta completar razoablemente o a capacidade das instalacións da competición.
 - 7º. No caso de non estar elaborado o ranking, terase en conta a orde de inscrición.
- 4.5. O/A arqueiro/a inscrito poderá renunciar á súa participación ou modificar a súa inscrición ata un (1) día antes do fin da inscrición. No caso de non facelo, ou non presentarse á competición, o custo da inscrición non lle será reembolsada, excepto por causas de forza maior debidamente acreditadas.
- 4.6. Non se admitirán inscricións de arqueiros/as que non teñan a súa licenza en vigor antes de efectuar a inscrición.
- 4.7. Acreditación de adestradores e monitores
- 4.7.1. Os membros do corpo técnico da FGTA, responsables da tecnificación FGTA, terán acreditación para calquer campionato oficial organizado pola FGTA o largo do período de duración da licenza (de outubro a setembro), incruídos Campionatos Galegos, Trofeos Federación Xunta de Galicia, Campionatos Galegos de Equipos de Club, campionatos para o RAUS, etc. Ditas acreditacións serán facilitadas pola FGTA na propia tecnificación. Farase unha

listase.

- 4.7.2. Aqueles monitores de club que participen na tecnificación da FGTA poderán solicitar acreditación, na propia tecnificación, para todos os campionatos oficiais da tempada vixente organizados pola FGTA (incluídos Campionatos Galegos, Trofeos Federación Xunta de Galicia, Campionatos Galegos de Equipos de Club, campionatos para o RAUS, etc.). A FGTA pode denegala se na tempada anterior o monitor xa tiña acreditación e non asistiu como mínimo a dúas tecnificacións.
- 4.7.3. Admitiranse, polo menos, dúas prazas de monitores por club, teña ou non teña o club monitores acreditados pola tecnificación, nos campionatos oficiais organizados pola FGTA, incluídos Campionatos Galegos, Trofeos Federación Xunta de Galicia, Campionatos Galegos de Equipos de Club, campionatos para o RAUS, etc. A solicitude de ditas acreditacións realizaranse mediante a plataforma electrónica para tal fin o similar asignada pola FGTA para a realización das inscricións.
- 4.7.4. Os técnicos dos Clubes agas os técnicos da tecnificación propios da FGTA, no caso de non ter deportistas a seu cargo deberán abandonar a zona da competición.

5.- UNIFORMIDADE

- 5.1. Aplicarase o regulamento da WA e da RFETA en vigor. Estarán prohibidos os pantalóns vaqueiros e/ou roupa de rúa. O seu uso conlevará a descalificación do/a arqueiro/a desa competición

Todos/as os participantes poderán levar prendas distintivas do seu Club, podendo levar a publicidade que desexen.

- 5.2. O/a Capitán/a, Adestrador/a ou Delegado/a dun club poderán tamén levar algunha prenda distintiva do seu Club, así como a publicidade que desexen. Sendo de aplicación o regulamento da WA e da RFETA en vigor.
- 5.3. Cando se participe por equipos, os deportistas e o seu capitán ou adestrador/monitor, na zona de competición terán a mesma equipación.

6.- MEDALLAS E TROFEOS

- 6.1. Outorgaranse trofeos ou medalla acreditativa aos tres primeiros clasificados de cada categoría, indicando a súa clasificación (Campión/a, Subcampión/a e Terceiro/a Clasificado/a), sempre que se cumpra o disposto no artigo 2.4.
- 6.2. Na categoría de menores, entregarase diploma a todos os participantes que non obteñan trofeo ou medalla.
- 6.3. Nas Categorias menores de 14 que tiren o **Campionato Galego Unificado** de dita categoría os tres primeiros clasificados recibirán trofeos ou medalla acreditativa indicando a súa clasificación (Campión/a, Subcampión/a e Terceiro/a Clasificado/a).
- 6.4. En caso de retirada non xustificada do Campionato, non se terá dereito a ningún premio.

7.- DESPRAZAMENTO E HOSPEDAXE

- 7.1. Todas as xestións, gastos de desprazamento, hospedaxe e manutención estarán a cargo, e serán responsabilidade, dos/as propios/as arqueiros/as e monitores. A FGTA e o Club, ou entidade colaboradora, non se responsabilizan, baixo ningún concepto, dos problemas que se poidan ocasionar por estas cuestións, nin polos servizos recomendados polo organizador na convocatoria.

8.VARIOS

- 8.1. Calquera cuestión non contemplada nesta Normativa será resolta pola Directiva da FGTA, e posteriormente trasladada á Comisión Delegada para a súa ratificación, se procede.
- 8.2. Serán comunicados os campionatos acordados pola FGTA e que cumpran as condicións marcadas pola RFETA o principio da temporada para que estes resultados sexan incluídos no ranking RAUS.
- 8.3. Cando esta normativa soamente se adapte a normativa WA ou RFETA, será exposta a súa revisión e aprobación pola Comisión Delgada, sen a necesidade da súa aprobación pola Asamblea Xeral, poñendo en coñecemento da mesma a os federados a través dos seus Clubes e na Web da FGTA.

Pontevedra, 20 de agosto de 2022
El presidente de la FGTA

Manuel Quintana Miguez

9.- Guión cronolóxico: APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS

- Normativa aprobada pola Asemblea Xeral do 9 de abril de 2006
- Modificada na Asemblea Xeral do 1 de abril de 2007
- Modificada na Asemblea Xeral do 13 de abril de 2008
- Modificada na Asemblea Xeral do 05 de abril de 2009
- Modificada na Asemblea Xeral do 25 de abril de 2010
- Modificada na Asemblea Xeral o 10 de abril de 2011
- Modificada na Comisión Delegada do 27 de novembro de 2011
- Modificada na Asemblea Xeral o 22 de abril de 2012
- Modificada na Asemblea Xeral do 20 de abril de 2013
- Modificada na Asemblea Xeral do 28 de marzo de 2015
- Modificada na Asemblea Xeral do 23 de abril de 2016
- Modificada na Asemblea Xeral do 27 de abril de 2019
- Modificada na Asemblea Xeral do 31 de agosto de 2019
- Modificada na Comisión Delegada do 17 de outubro de 2019
- Modificada na Comisión Delegada do 2 setembro de 2020
- Modificada na Comisión Delegada do 10 de mayo de 2021
- Modificada na Comisión Delegada do 23 de outubro de 2021 – Ratificada A.X 31/10/21.
- Modificada na Comisión Delegada do 17 de abril de 2022 – Ratificada A.X 23/04/22
- Modificada na Comisión Delegada do 15 de agosto de 2022 – Ratificada A.X 20/08/22